

TEMA 4.

Parte 1: O renacer das cidades.

Índice


1

1. As innovacións agrarias → páxina 2.
2. O renacer das cidades → páxina 3.
3. A sociedade nas cidades → páxina 3.
4. O crecemento do comercio → páxina 4.
5. A crise do século XIV → páxina 4.
 - As guerras e a fame
 - A Peste Negra
 - As consecuencias da Peste Negra

1. As innovacións agrarias

A partir do **século XI**, en Europa occidental introducíronse **innovacións técnicas** na **agricultura** que permitiron aumentar a produtividade (é dicir, a cantidade de produción por superficie cultivada). As principais innovacións foron:

- **Aparellos** de labranza **máis resistentes**, de ferro (gadañas, restrelos, aixadas...).
- **Novos métodos** de cultivo, como a **rotación trienal**. Ese sistema deixaba só un terzo da terra en barbeito (é dicir, sen cultivar, para recuperar os nutrientes).
- Expansión do **arado normando** ou de rodas, que facía sucos máis profundos, osixenando mellor a terra. Este arado empregaba como tiro animais, especialmente cabalos, protexidos con ferraduras.
- Utilización de **muíños de vento ou de auga** para moer o gran.




Estas melloras técnicas no sector agrario deron lugar a un aumento da produción, o cal permitiu:

1. Vender os **excedentes** ou produción sobrannte.
2. Mellorar a alimentación da poboación, dando lugar a un importante **crecemento demográfico** (é dicir, un aumento da poboación). Isto provocou que moita xente marchase do campo cara ás vilas buscando unha nova vida.

2. O renacer das cidades

En torno ó ano 1000, as invasións dos séculos IX e X comezaron a remitir, e o sistema feudal da lugar a unha situación de maior seguridade. Así, **as vellas cidades viven un renacer** coa chegada de **nova poboación** e o auxe do **comercio**. Durante esta época de prosperidade (entre o s. XII e o XIV) prodúcese unha mellora nas condicións de vida da poboación.



As cidades medievais estaban situadas en **lugares ben comunicados**, próximas a encrucilladas de camiños ou cursos de auga (como ríos, portos...). Estas cidades estaban rodeadas de **murallas**, que se ampliaban a medida que medraba a cidade. As súas **rúas** eran **estreitas e labirínticas**, pouco empedradas e sen sumidoiros. As casas eran baixas e estaban agrupadas por **barrios** segundo a súa relixión ou o oficio dos seus poboadores.


No centro das cidades adoitaba haber unha **praza**, onde se atopaban os edificios máis importantes (o mercado, o concello, a igrexa, a lonxa...), así como palacios da nobreza. No exterior das murallas podía haber **arrabaldes** (barrios de persoas humildes ou con poucos recursos), e tamén se edificaban conventos, igrexas, etc.



Praza da *Signoria* (Florencia)



Praza do Concello de Bruxas (Bélxica)



Lonxa da Seda (Valencia)

As cidades rexurdiron en gran medida como consecuencia da **recuperación da actividade comercial**. Nas grandes urbes, as principais actividades eran a **artesanía**, o **comercio** e as **finanzas**.

Neste rexurdir urbano tamén teñen grande importancia as **cartas de poboamento**. Eran documentos que o **rei** ou os **señores feudais** outorgaban privilexios (comerciais, de goberno...) ós habitantes das cidades. Este tipo de documentos son considerados a acta de nacemento dunha vila.

3. As sociedade nas cidades

As cidades estaban habitadas por persoas procedentes de **diferentes estratos sociais**, dende xentes máis **humildes** ata membros dos estamentos **privilexiados** (nobreza e clero). Se ben, nas cidades europeas, a maioría dos habitantes eran cristiáns, tamén había **xudeus**, que adoitaban vivir en comunidades ou barrios independentes (chamados alxamas ou xudarías).

A maior parte da poboación das cidades dedicábase á **artesanía** e ó **comercio**. Estes artesáns e comerciantes constituíron un **grupo social novo: a burguesía**. Vivían da venda dos seus produtos, tiñan os seus propios negocios e **non dependían dos señores feudais**. Malia que algúns deles chegaron a acumular importantes riquezas, na sociedade da época formaban parte do estamento dos **non privilexiados**.

Dentro das cidades, os **artesáns** agrupábanse en **gremios**. Estes eran asociacións de profesionais dun oficio. Os gremios **marcaban unhas normas** sobre: permisos de traballo, horarios laborais, ferramentas de traballo, calidade, prezos... A **aprendizaxe do oficio** era longa: comezábase de neno como **aprendiz**, pasábase despois a **oficial** e, cando se demostraban as habilidades necesarias, a **mestre artesán**, o cal podía abrir o seu propio taller. Habitualmente, os artesáns dun mesmo oficio tiñan as súas **casas-taller** nas mesmas rúas ou prazas.




Nun primeiro momento, as **cidades gobernábanse** en asembleas formadas por **todos os veciños**. Pero, co paso do tempo, o goberno das cidades quedou en mans das **familias máis ricas de comerciantes e banqueiros**. Estas constituíron un grupo social chamado **patrariado urbano**.

4. O crecemento do comercio

Dende o século **XII**, os camiños comezaron a ser máis seguros. Isto favoreceu que os comerciantes europeos viaxasen e se reunisen nas grandes **feiras**, nas cales se mercaban e vendían grandes cantidades de produtos. Algunhas cidades marcaron uns días especiais para celebrar estas feiras. A máis famosa é a de Champagne, en Francia.

Nesta época desenvolveuse tamén o comercio **marítimo** para traxectos de longa distancia, xa que os **barcos** tiñan maior capacidade de carga e eran máis seguros e rápidos. Podemos destacar **dúas grandes rutas**:

- A primeira, a do **Mediterráneo**. Cidades portuarias (Venecia, Marsella, Barcelona, Valencia...) comerciaban con Oriente Próximo e co Imperio Bizantino, intercambiando produtos de luxo (sedas e especias), tecidos, armas...
- A segunda, a do **Atlántico** e o **Báltico**, que estaba dominada pola **Hansa** (unha asociación de comerciantes alemáns). Os principais centros de intercambio desta ruta estaban nas cidades próximas ó Mar Báltico e o Mar do Norte (destaca a cidade de Lübeck). Comerciábase con lá, viño, peles, madeira...



O desenvolvemento do comercio deu lugar a un aumento da circulación de **moeda**. Iso provocou que moitas **cidades acuñasen moedas propias** (de ouro, prata, ou en aliaxe de prata e cobre). Así mesmo, outra consecuencia foi o nacemento das figuras dos **cambistas** ou **banqueiros**.

5. A crise do século XIV



“Da fame, a guerra e a peste, líbranos Señor”
Esta era a oración habitual na Europa dos S XIV - XV

As guerras e a fame

Entre os **séculos XIV-XV**, houbo moitas guerras en Europa Occidental. A máis coñecida e longa foi a **Guerra dos 100 Anos** (1337-1453), entre Francia e Inglaterra, orixinada polo intento dos ingleses de ocupar o trono francés. Nela xurdiu a figura de **Xoana de Arco**.

Así mesmo, no s. XIV, o **clima cambiou**: as temperaturas baixaron e aumentaron as choivas. Isto orixinou os chamados **veráns podres**, que eran veráns chuviosos que estragaban as colleitas de cereais. Sucederonse os anos de malas colleitas, dando lugar a **grandes fames**.

A Peste Negra

Durante a Idade Media, foron moi frecuentes as epidemias que provocaban grandes mortandades entre a poboación. Con todo, ningunha tivo un impacto tan profundo como a **Peste Negra**. Esta epidemia comezou en Europa no ano 1348.

A peste era unha enfermidade provocada por unha bacteria. O principal medio mediante o cal se propagou eran as picadas das pulgas. Previamente, estas pulgas picaran a roedores, dos cales transmitían a enfermidade ós humanos.

Os seus **síntomas** eran: febre, problemas respiratorios e circulatorios que acababan dándolle ó corpo unha cor negra. De aí vén o termo *Peste Negra*. Esta enfermidade orixinouse en Oriente, e todo parece apuntar a que chegou a Occidente a través de barcos xenoveses. Unha vez en Europa, a peste estendeuse de forma fulminante.



As consecuencias da Peste Negra

→ O despoboamento

Calcúlase que durante esta epidemia morreu entre un 30 e un 40% da poboación europea, pasando de **73 a 45 millóns** de habitantes. Esta enorme mortalidade deu lugar ó **despoboamento de boa parte de Europa Occidental**. Moitas terras foron abandonadas, a poboación das cidades diminuíu e reducíronse as actividades comerciais e artesanais.

→ A crise social

A elevada mortalidade e o despoboamento tamén **reduciron os ingresos dos señores feudais**. Agora, tiñan menos servos ós que cobrar. Por ese motivo aumentaron os impostos ós campesiños que sobreviviran e

impedíronlles abandonar as súas terras, recorrendo á violencia e ós abusos. Ante esta situación, os **campesiños**, desesperados pola fame, as guerras e as epidemias, organizaron **violentas revoltas** contra os señores feudais. Tamén a poboación das cidades, sen traballo nin medios para subsistir, levantouse contra os seus dirixentes (o patriciado urbano).

Estas **revoltas antiseñoriais** estendéronse por toda Europa. En Galicia destacan as **revoltas irmandiñas**, que tiveron lugar no **s. XV**.



Castelo de Sandiás (Ourense),
destruído polos irmandiños no 1467.

→ A crise relixiosa

Unha catástrofe como a Peste Negra conmocionou á poboación europea. O **forte sentimento relixioso da época** fixo pensar á poboación que a epidemia era un **castigo divino** polos seus pecados e pola corrupción da Igrexa.

Este sentimento deu lugar a un fervor relixioso que fixo aumentar as procesións, flaxelacións...para pedir perdón polos pecados, e comezou un movemento para reformar a Igrexa.